

Xaquín López e Xosé Manuel Cairo presentaron os seus libros, "Las fronteras se cruzan de noche" e "Da carraxe e da paixón" na Fundación Caixa Galicia y na Galería Sargadelos respectivamente.

Panorámica cultural da semana

Interesantes exposicións de Blanca Silva e Luísa Valdés

XULIO VALCÁRCEL

Intensa foi a actividade cultural na nosa cidade estes días pasados. Naturalmente cómpre elixir pois resulta de todo punto imposible acudir a todas as citas, conciertos, recitais, conferencias... Por máis que o intentemos aínda non acadamos o don da ubicuidade, ás veces co agravante de dous ao mesmo tempo. Dos actos aos que tivemos ocasión de asistir destacaremos dúas presentacións de libros e dúas exposicións. O xornalista, reporteiro de TVE, especializado en temas africanos, Xaquín López trouxo á Coruña o seu libro "Las fronteras se cruzan de noche", que se presentou na Fundación Caixa Galicia. O libro de Xaquín López, chantadino de pro residente en Madrid, constitúe unha denuncia documentada e cabal, magnificamente escrita, sobre o tráfico, lamentable e vergoñento, de nenos no Golfo de Guinea. As prantacións de cacao en Costa de Marfil e as canteiras de Nixeria explotan o traballo inhumano destes pequenos-grandes escravos, criaturas abandonadas

da man de Deus. Ben deita que profesionais honestos e comprometidos como Xaquín, o dean a coñecer para que tomemos conciencia e rematemos con tan vil e degradante comercio. Estivo Xaquín acompañado por Fabiola Sotelo, e por María José Martínez, quen fixo un amplo e detallado resumo, analizando en profundidade o estilo e o contido do libro.

Abarrote total presentaba a Galería Sargadelos para acoller o irto e contundente poemario de Xosé Manuel Cairo "Da carraxe e da paixón", cuarta entrega do autor, prestixioso médico á par que escritor, publicada esta vez na editorial Espiral Maior que dirixe Miguel Anxo Fernán-Vello. Cairo trata ao longo de todos os poemas, unitarios na súa disposición e no seu alento, sobre un único tema, o amor, nas súas

diversas acepcións e distintos ciclos. Amor presentido nas olladas, amor esperado, realizado, consu-

mado e perdido..., á espera dun novo renacer, porque o ser humano nunca se resiste a perdelo definitivamente, e o amor sempre rexurde. Crónica, pois, da exaltación e da caída, da agonía e da éxtase, os versos de Cairo aparecen impregnados dunha verdade confesional, testemuño áspero e saudoso a un tempo, como comentou Fidel Vidal, das grandezas e miserias dun sentimento que move o mundo.

Pasamos logo ás exposicións. Luísa Valdés é unha interesante pintora que presenta as últimas creacións na nova galería que leva Domi Vilariño, en Padre Feijoo, 4-2º. Sempre inquedada, Luísa busca novas canles expresivas, neste caso cunha técnica mixta que xunta a fotografía e o deseño para captar paisaxes e esceas da natureza. Na mesma sala, en diálogo harmónico, atopamos as pezas do escultor Benito-Freire, conxunción de dous materiais distintos pero complementarios, pe-

dra e ferro, acadando resultados moi satisfactorios.

"Palabras salvadas do lume" é o fermoso e suxerente título co que Blanca Silva amosa a súa achega, unha serie de cubos, entre a escultura e a pintura, que expresan, a través de fortes contrastes, brancos, vermellos e negros, fundamentalmente, o drama da humanidade neste momento convulso e desacou-gante, marcado pola violencia irracional, pola crueldade e a inxustiza. No berro aberto, na tensión contida desta obra de Blanca Silva, aprezoamos unha toma de postura e unha chamada urxente de atención. Esas palabras salvadas do lume significan a esperanza, a posibilidade..., elementos recuperados da devastación e do oprobio, restos calcinados pero aínda vivos e capaces, que nos poden redimir. A arte en calquera das súas formas, a palabra como acobillo, lugar preservado, xerador e fundacional. Ben paga a pena darse unha volta pola galería colecciónAN, na Travesía do Orzán. O agradecido son eu.

xulio@xulio.e.telefonica.net




Ilustración de Xavier Garo